



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de maio de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día dezaioito de maio de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr. Regades Fernández (Resolución de data 16/05/18), por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(511).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta ratifica a urxencia da sesión.

2(512).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA PRODUCCIÓN TÉCNICA LOCAL DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2018” NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS. EXPTE. 7428/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 16/05/18 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta de 16/05/18, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira delegada da Área e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a xefa do Servizo de Festas con data 15 de maio e coa conformidade da Concelleira de Festas e Turismo, emite informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2018” no Auditorio ao aire libre de Castrelos.

Segundo.- Con data 15 de maio de 2018, a Concelleira de Festas e Turismo resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2018” no Auditorio ao aire libre de Castrelos.

Terceiro.- Con data 16 de maio de 2018, a Xefa do Servizo de Festas asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, que é conformada pola Concelleira de Festas e Turismo.

Cuarto.- Con data 16 de maio, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola Xefa do Servizo de Festas.

Quinto: Redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 16 de maio de 2018.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Area segundo



Concello de Vigo

o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015).

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a Xefa do Servizo de Festas xunto coa Concelleira da Área de Festas e Turismo asinaron o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2018” no Auditorio ao aire libre de Castrelos.

Cuarto: En cumprimento do establecido no artigo 116.1. LCSP, consta no expediente, o decreto da orde de inicio asinado pola Concelleira delegada da área.

Quinto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola Xefa do Servizo e pola Concelleira responsable, e o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola Xefa do Servizo (artigo 116.3 da LCSP) e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Sexto: No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria. A adxudicación do contrato realizarase a través dun procedemento aberto de acordo co establecido no artigo 156 da LCSP.

Sétimo: Ao expediente se incorporará o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente.

Oitavo: A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, ao amparo da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

INFORME

O Servizo de Festas do Concello de Vigo inclúe na súa programación anual, a organización do programa de “**Vigo en Festas 2018**”, que conleva a contratación da produción técnica local dos espectáculos e actividades que teñen lugar no Auditorio ao Aire libre de Castrelos nos meses de xullo e agosto.

O presente contrato ten por obxecto a prestación de traballos técnicos, equipamentos e infraestruturas básicas necesarias para a produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2018” no Auditorio ao aire libre de Castrelos, así como a limpeza das instalacións, valado das mesmas e a atención as cantinas.

As características técnicas da prestación do servizo están descritas na base 4 do Prego de Prescrición Técnicas Particulares, en concreto:

- 1.- Medios técnicos, equipamentos e materiais necesarios para o desenvolvemento dos espectáculos programados.
- 2.- Medios humanos necesarios para a xestión de traballos técnicos e auxiliares da produción local dos espectáculos e montaxe das instalacións. Funcións e tarefas

3.- Prestación doutros servizos por parte da empresa adxudicataria.

O Servizo de Festas non dispón dos recursos técnicos e humanos necesarios para a realización destes traballos, non estando prevista na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo a ampliación do dito cadro de persoal coa incorporación de persoal coa cualificación e formación técnica requirida para o desenvolvemento das prestacións previstas no presente contrato, polo que para o cumprimento e realización da produción local dos espectáculos previstos no programa Vigo en Festas 2018 faise necesaria a realización deste contrato.

O programa “**Vigo en Festas 2018**” elabórase dende o servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo. Nas datas de redacción do presente prego, non estan pechados todos os espectáculos e concertos que conforman a programación, polo que non é posible determinar as necesidades específicas (técnicas e humanas) para cada un dos eventos, polo que foi necesario establecer CINCO tipoloxías de actividades que recollerían todas as necesidades técnicas.

Non obstante, e aínda que o programa non estea pechado, o servizo coñece o número de espectáculos/concertos previstos para cada unha das tipoloxías anteditas, e que son as seguintes:

- Tipoloxía 1.- Espectáculos/concertos internacionais e nacionais de pé: SETE.
- Tipoloxía 2.- Espectáculos/concertos nacionais con cadeiras: DOUS.
- Tipoloxía 3.- Concerto de masas corais con cadeiras: UN.
- Tipoloxía 4.- Espectáculos/concertos infantís con cadeiras: CATRO.
- Tipoloxía 5.- Retransmisión de espectáculo internacional con cadeiras: TRES.

O período de execución do contrato está previsto entre o **1 xullo ata o 15 de agosto**. Do 1 ao 5 de xullo realizarase o acondicionamento do Auditorio no referente a montaxe do equipamento e disposición dos elementos materiais necesarios para a posta en funcionamento do mesmo. Do 6 ao 15 de xullo terá lugar a retransmisión de tres eventos internacionais con cadeiras (tipoloxía 5). Dende o 16 de xullo ata o 15 de agosto esta previsto o desenvolvemento do programa de concertos e espectáculos “Vigo en Festas 2018” (tipoloxías I,II,III e IV) e mais o desmonte das infraestruturas. Este calendario de espectáculos/concerto é orientativo e pode ser susceptible de cambios en función do peche do programa Vigo en Festas 2018, ou de posibles cambios por parte dos artistas. Estes cambios serán comunicados ao adxudicatario con antelación suficiente para planificar e realizar as producións (72 horas como mínimo).

No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria. A adxudicación do contrato realizarase a través dun procedemento aberto de acordo co establecido no artigo 156 da LCSP.

En cumprimento do establecido no art. 99.3.b) da L.C.S.P., determínase que a realización independente ou por lotes das diversas prestacións e traballos obxecto do presente contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, xa que implica a



Concello de Vigo

necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Tanto para a montaxe como para o desmorte de todas as infraestruturas recollidas no prego técnico é necesario a utilización de medios humanos e técnicos especializados que deberían pertencer á mesma empresa responsable dos mesmos. Todas as prestacións contempladas no contrato están vinculadas entre si, son complementarias e non separables, polo que debe tratarse como unha unidade funcional que satisfaga a mesma necesidade institucional.

Dado que o contrato contén servizos especiais recollidos no anexo IV da L.C.S.P, e co obxecto de determinar os custes laborais, deberá ser utilizada como base do cálculo dos custes salariais da táboa salarial 2018 do “Convenio colectivo autonómico de eventos, servizos e producións culturais de Galicia”, publicado no DOG de 14 de abril de 2015 por resolución de 16 de marzo de 2015 da “Dirección General de Trabajo y Economía Social” de aplicación, atendendo a clasificación dos 5 grupos profesionais que recolle o convenio.

Tal e como se recolle no artigo 3 do antedito convenio, en xeral atópanse engadidos, os traballadores que realicen funcións técnicas, administrativas, auxiliares, organizativas, de produción, de control e manuais para un evento, servizo ou produción cultural de carácter teatral, musical, baile, animación e danza para que efectúe e perciba emolumentos polo seu cometido. O convenio clasifica aos grupos profesionais I, II,III,IV e V.

O Auditorio ao aire libre de Castrelos dispón dun Plan de Autoprotección e dun protocolo para a súa implantación e que se achega como Anexo I a este prego. O plan será de obrigado cumprimento para o adxudicatario. O control e seguimento do cumprimento do antedito plan e da guía de coordinación de actividades empresariais do Concello de Vigo, será realizado por un coordinador contratado ao efecto polo servizo de festas. Expediente nº: 7296-335. Así mesmo e con relación ao control e seguimento do cumprimento da distribución e límites de cargas na cuberta do escenario.

As empresas licitantes deberán ter en conta para a presentación das súas ofertas económicas o establecido no antedito Plan de Autoprotección do Auditorio de Castrelos no relativo a todos os traballadores/as que presten os seus servizos mediante un contrato laboral e calquera que sexan a súas funcións nas empresas suxeitas ao seu ámbito.

Con relación aos requisitos e aos criterios de adxudicación se realizará utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade prezo, avaliable con arranxo a criterios económicos e cualitativos.

Para o cálculo dos prezos unitarios, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato, o servizo de Festas realizou con data 3 de abril de 2018 a contratación do servizo de asesoramento técnico e seguimento da produción local dos espectáculos programados polo servizo de Festas. (Expediente 7415-335). Este contrato incluía entre outras prestacións, o asesoramento técnico sobre as necesidades de recursos humanos e infraestruturas, e o posterior cálculo dos prezos unitarios, o orzamento base de licitación e o valor estimado do contrato segundo os prezos de mercado, e as súas correspondentes xustificacións.

O resumo dos resultados dos anteditos cálculos están recollidas nas seguintes táboas:

TIPOLOXÍA	Nº	RECURSOS HUMANOS	SEGUROS SOCIAIS	MEDIOS TÉCNICOS / OUTROS SERVICIOS	CUSTO UNIDADE	BENEFICIO INDUSTRIAL 5%	GASTOS XERAIS 10%	TOTAL UNIDADE	TOTAL EVENTOS / TIPOLOXÍA	IVE
EVENTOS TIPOLOXÍA I	7	6.810,16 €	2.452,21 €	418,00 €	9.680,37 €	484,02 €	968,04 €	11.132,43 €	77.927,01 €	16.364,67 €
EVENTOS TIPOLOXÍA II	2	6.574,56 €	2.369,27 €	2.518,00 €	11.461,83 €	573,09 €	1.146,18 €	13.181,10 €	26.362,20 €	5.536,06 €
EVENTOS TIPOLOXÍA III	1	6.067,52 €	2.142,87 €	2.968,00 €	11.178,39 €	558,92 €	1.117,84 €	12.855,15 €	12.855,15 €	2.699,58 €
EVENTOS TIPOLOXÍA IV	4	4.159,44 €	1.495,74 €	2.093,00 €	7.748,18 €	387,41 €	774,82 €	8.910,41 €	35.641,64 €	7.484,74 €
EVENTOS TIPOLOXÍA V	3	4.815,25 €	1.956,73 €	8.192,16 €	14.964,14 €	748,21 €	1.496,41 €	17.208,76 €	51.626,28 €	10.841,52 €
MONTAXE DE INFRAESTRUTURAS	1	5.612,38 €	2.488,72 €	55.026,79 €	63.127,89 €	3.156,39 €	6.312,79 €	72.597,07 €	72.597,07 €	15.245,39 €
CONTROL E CHAVEIRO TIPO V	1	1.916,00 €	823,84 €		2.739,84 €	136,99 €	273,98 €	3.150,81 €	3.150,81 €	661,67 €
CONTROL E CHAVEIRO XERAL	1	4.498,80 €	1.934,40 €		6.433,20 €	321,66 €	643,32 €	7.398,18 €	7.398,18 €	1.553,62 €
								TOTAL	287.558,34 €	60.387,25 €
									347.945,59 €	

A) Prezos (con IVE)

TIPOLOXÍA	PREZO UNITARIO
MONTAXE DE INFRAESTRUTURAS	87.842,46 €
CONCERTOS TIPOLOXÍA I	13.470,23 €
CONCERTOS TIPOLOXÍA II	15.949,14 €
CONCERTOS TIPOLOXÍA III	15.554,73 €
CONCERTOS TIPOLOXÍA IV	10.781,59 €
CONCERTOS TIPOLOXÍA V	20.822,60 €
CONTROL E CHAVEIRO XERAL	8.951,80 €
CONTROL E CHAVEIRO TIPO V	3.812,48 €

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da LCSP, por canto neste contrato non se prevén modificación nin prórroga. O valor estimado do contrato ascende a 287.558,34 €. (No antedito importe están incluídas as porcentaxes de beneficio industrial e dos gastos xerais).



Concello de Vigo

O Orzamento base de licitación co ive incluído ascende a 347.945,59 €, correspondendo 60.387,25 € ao ive.

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario da Área de Festas e Turismo para o vixente exercicio económico.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2018” no Auditorio ao aire libre de Castrelos (expediente nº 7428-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 16 de maio de 2018 asinado pola Xefa do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 16 de maio de 2018, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 347.945,59 € (correspondendo 60.387,25 € ao ive) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(513).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DOS MURAIIS DO CUARTO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTORS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 8845/307.

Dáse conta da proposta asinada en data 15/05/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 15 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a REFORVIGO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento o 9 de maio de 2018.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	97,60
2	ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	95,00
3	GROMA OBRAS, S.L.	91,99
4	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	86,77

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Habilitación profesional?
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.001,60 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(514).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA AS BASES DA OEP 2014, 2015 E 2016 PRESENTADO POR D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ UCHA. EXPTE. 31869/220.



Concello de Vigo

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 16/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do día 21/03/2018, acordou aprobar as Bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2014, 2015, e 2016. (Expte. 31295/220). As devanditas bases foron publicadas no BOP nº 60 de data 26/03/2018.

II.- Con rexistro de entrada de data 23/04/2018 (doc nº 180059556), D. José Manuel González Ucha, interpón Recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local de data 21/03/2018, publicado no BOP nº 60, de 26/03/2018.

III.- En sesión ordinaria da XGL de data 19/04/2018(expte 31723-220), se acordou “Proceder, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á corrección do erro material do apartado III das bases específicas da praza de Técnico/a de Xestión, que pasa a contar coa seguinte redacción “Establécese o de concurso oposición para promoción interna, para dúas prazas, entre o persoal integrado na escala de Administración xeral, subescala administrativa de admón. xeral, subgrupo C1 de titulación, que contén cando menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe.” O citado acordo está pendente de publicación no BOP.

IV.- Solicitado informe técnico en data 03/05/2018 con referencia, entre outras, as prazas de Técnico de Xestión, para que se concrete a que corpo e escala dos previstos no TRRL, pertencen segundo o previsto no vixente cadro de persoal, e en relación coa promoción interna, posibles acordos e criterios xerais para a promoción cruzada no concello de Vigo; o mesmo emítese na data 15/05/2018, concretándose que o “O criterio xeral seguido en anteriores ofertas de emprego deste concello e o de facilitar que o persoal dunha e outra Escala poida presentarse indistintamente pola quenda de promoción interna, polo que sería convinte, de acordarse manter o mesmo criterio, permitir que o persoal incluído no Grupo C de titulación de ámbalas dúas Escalas (Administración Xeral e, Administración Especial (Suescala Técnica, clase Superior, Media, Auxiliar ou Cometidos Especiais) poida presentarse indistintamente, coa excepción do persoal adscrito ao Corpo da Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios, que teñen fixada a súa promoción nos seus respectivos Corpos.”

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

I.- Constitución Española.

II.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público.

III.- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o TR de réxime local.

IV.- Lei 2/2015, de 29 de abril, del Emprego Público de Galicia.

V.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

VI.- Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

III.- FUNDAMENTOS XURIDICOS:

I.- Lexitimación e prazo.

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación do recorrente posto que, afecta a súa posibilidade de participar como aspirante ao proceso selectivo que se vai desenvolver, polo que é posible titular de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

Neste punto queremos manifestar que non teñen a condición de recorrentes os asinantes que acompañan o recurso interposto unicamente polo Sr. González Ucha, e que a campaña de recollida de firmas non aporta nada nin ten relevancia xurídica algunha.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respectado polo recorrente, en tanto que o 26/03/2018, foi publicado no BOP, o acordo da Xunta de Goberno Local, agora impugnado, relativo “Bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2014, 2015, e 2016. (Expte. 31295/220)”, presentando o recurso o día 23/04/2018.

Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do precepto no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



Concello de Vigo

II.- Alegacións.

O recorrente interpón recurso de reposición alegando que para o “el turno de promoción interna para dos plazas de Técnico de Gestión (subgrupo A2) entre personal integrado en la escala de Administración especial, subescala servicios especiales, clase cometidos especiales”... Las mencionadas Bases no permiten a los Administrativos (subgrupo C1) de la escala de Administración general promocionar por el turno de promoción interna a Técnico de Gestión”.

Por outra parte, ao amparo do artigo 117 da LPACA, solicita a suspensión da execución do acto impugnado.

III.- En canto a solicitud de suspensión, no ámbito do procedemento administrativo, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas parte da executividade dos actos administrativos, *son inmediatamente executivos (artigo 98)*. En concreto, cando se interpoña un recurso administrativo o artigo 117 prevé como regra xeneral que “no suspenderá la ejecución del acto impugnado, si bien el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:

- **a)** Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.
- **b)** Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esa Ley.

A estos efectos se regula un silencio positivo en el artículo 117.3 pues la ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien compete resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto. Por otra parte, si de la suspensión pueden derivarse perjuicios de cualquier naturaleza, aquélla sólo producirá efectos previa prestación de caución o garantía suficiente para responder de ellos, en los términos establecidos reglamentariamente.”

No presente caso, xa adelantamos, como se exporá a continuación, que vaise a establecer como sistema de selección para o acceso as prazas de Técnico de Xestión “o de concurso-oposición para promoción interna, entre o persoal integrado na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Subgrupo C1 de titulación e, Escala Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, subgrupo C1 de titulación, que contén cando menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe”. Polo tanto non procede a suspensión, xa que logo ningún prexuízo vaise causar ao recorrente.

IV.- No que se refire ao fondo do asunto

O RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público, dispón dentro do capítulo que leva por rúbrica “Derecho a la carrera profesional y a la promoción interna. La evaluación del desempeño”, concretamente no artigo 16 que:

1. Los funcionarios de carrera tendrán derecho a la promoción profesional.

2. La carrera profesional es el conjunto ordenado de oportunidades de ascenso y expectativas de progreso profesional conforme a los principios de igualdad, mérito y capacidad.

A tal objeto las Administraciones Públicas promoverán la actualización y perfeccionamiento de la cualificación profesional de sus funcionarios de carrera.

3. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto regularán la carrera profesional aplicable en cada ámbito que podrán consistir, entre otras, en la aplicación aislada o simultánea de alguna o algunas de las siguientes modalidades:

a) Carrera horizontal, que consiste en la progresión de grado, categoría, escalón u otros conceptos análogos, sin necesidad de cambiar de puesto de trabajo y de conformidad con lo establecido en la letra b) del artículo 17 y en el apartado 3 del artículo 20 de este Estatuto.

b) Carrera vertical, que consiste en el ascenso en la estructura de puestos de trabajo por los procedimientos de provisión establecidos en el capítulo III del título V de este Estatuto.

c) Promoción interna vertical, que consiste en el ascenso desde un cuerpo o escala de un Subgrupo, o Grupo de clasificación profesional en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo, a otro superior, de acuerdo con lo establecido en el artículo 18.

d) Promoción interna horizontal, que consiste en el acceso a cuerpos o escalas del mismo Subgrupo profesional, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 18.

4. Los funcionarios de carrera podrán progresar simultáneamente en las modalidades de carrera horizontal y vertical cuando la Administración correspondiente las haya implantado en un mismo ámbito.

Pola súa parte, o artigo 75 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, dedicado as “Modalidades de carrera profesional del personal funcionario de carrera.”, determina que “El personal funcionario de carrera hará efectivo su derecho a la promoción profesional a través de las siguientes modalidades de carrera profesional:

a) Carrera horizontal, que consiste en el ascenso de grado y de categoría profesional sin necesidad de cambiar de puesto de trabajo, en los términos que se establezcan reglamentariamente en desarrollo de los principios contemplados en esta sección.

b) Carrera vertical, que consiste en el ascenso en la estructura de puestos de trabajo por los procedimientos de provisión establecidos en la presente ley.

c) *Promoción interna vertical, que consiste en el ascenso desde un cuerpo o escala de un subgrupo o grupo de clasificación profesional, en el supuesto de que este no tenga subgrupo, a otro superior, conforme a lo establecido en esta sección.*

d) *Promoción interna horizontal, que consiste en el acceso a otro cuerpo o escala del mismo subgrupo o grupo de clasificación profesional, en el supuesto de que este no tenga subgrupo, conforme a lo establecido en esta sección.*”

No ámbito do Concello de Vigo, e de conformidade co informe técnico emitido en data 15/05/2018, “O criterio xeral seguido en anteriores ofertas de emprego deste concello e o de facilitar que o persoal dunha e doutra Escala poida presentarse indistintamente pola quenda de promoción interna, polo que sería convinte, de acordarse manter o mesmo criterio, permi-



Concello de Vigo

tir que o persoal incluído no Grupo C de titulación de ámbalas dúas Escalas (Administración Xeral e, Administración Especial (Suescala Técnica, clase Superior, Media, Auxiliar ou Cometidos Especiais) poida presentarse indistintamente, coa excepción do persoal adscrito ao Corpo da Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios, que teñen fixada a súa promoción nos seus respectivos Corpos.”

Así as cousas, procede a estimación do recurso e en consecuencia modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/03/2018 (expte 31295-220) e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/04/2018 (expte 31723-220), unicamente no que se refire a redacción do apartado III relativo ao sistema de selección correspondente as prazas de TÉCNICO/A DE XESTIÓN (promoción interna), que deberá constar: “Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, entre o persoal integrado na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Subgrupo C1 de titulación e, Escala Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, subgrupo C1 de titulación, que contendo menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe”.

V.- O artigo 3 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, relativo a Función pública de secretaría, no apartado 3 d) 4º dispón que “La función de asesoramiento legal preceptivo comprende... En todo caso se emitirá informe previo en los siguientes supuestos: “Resolución de recursos administrativos cuando por la naturaleza de los asuntos así se requiera, salvo cuando se interpongan en el seno de expedientes instruídos por infracción de ordenanzas Locales o de la normativa reguladora de tráfico y seguridad vial, o se trate de recursos contra actos de natureza tributaria”.

Esta mesma valoración sobre a gravidade ou relevancia cualitativa ou cuantitativa dos diversos asuntos que se tramitan na Administración municipal pode determinar que, en aplicación do art. 129.2 LRBRL, se poida solicitar a asistencia xurídica da Asesoría xurídica en calquera asunto de competencia do Alcalde, á Xunta de Goberno Local, mediante a correspondente solicitude de informe xurídico asinada polos órganos competentes para instar dita asistencia, isto é, Alcalde, Xunta de Goberno local ou órganos directivos respecto dos que se atribúe na Lei que a asistencia xurídica compete precisamente á Asesoría Xurídica municipal.

O Informe xeral emitido por Asesoría Xurídica de este Concello (expedientes números 31604/220, 31496/220 e 31778/220), de conformidade co disposto no art. 129 da LRBRL, e sen prexuízo de calquera outro informe que consideren de deban solicitar, ao abeiro da normativa que consideren oportuna e sen prexuízo das instrucións internas de tipo organizativo que se poidan adoptar nun futuro, sinala os requisitos de petición de informe: “De acordo co dito, tal e como en parte quedou sinalado, ningún dos informes dos expedientes xustifican que a natureza do asunto requira do informe previo, nin a súa solicitude ven suscrita por ningún dos órganos aos que a Asesoría xurídica ten que lle prestar asistencia, nos termos do art. 129 LRBRL. No en tanto, dado que o órgano competente para resolver, si se atoparía entre aqueles aos que a Asesoría xurídica debe prestar asistencia xurídica, e visto o coidado no cumprimento da normativa que revela o informe da técnica de administración xeral informante, emitiremos o informe solicitado.

Con todo, debemos subliñar a necesidade de que se realice unha previa avaliación de se é precisa a intervención da Asesoría xurídica, reservando a petición de informes a aqueles ca-

sos en que existan dúbidas xurídicas razoables ou se trate de asuntos de relevancia cualitativa ou cuantitativa para a organización municipal, pois, noutro caso se desbordaría a capacidade dos funcionarios de carreira que exercemos as nosas funcións de representación e defensa da íntegra organización municipal e as preceptivas que nos atribúe a lexislación de contratación.”

Así de conformidade co exposto e tendo en conta a escasa relevancia xurídica dos fundamentos do recurso interposto e toda vez que non existe dúbida ao respecto, entendo que non é preciso solicitar informe á Asesoría Xurídica de este concello.

En atención a todo o exposto, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- De conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede desestimar a petición de suspensión do acto impugnado, solicitado por D. José Manuel González Ucha.

Segundo.- De conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede estimar o recurso interposto por D. José Manuel González Ucha, e en consecuencia modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/03/2018 (expte 31295-220) e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/04/2018 (expte 31723-220), unicamente no que se refire a redacción do apartado III relativo ao sistema de selección correspondente as prazas de TÉCNICO/A DE XESTIÓN (promoción interna), que deberá constar: “Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, entre o persoal integrado na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Subgrupo C1 de titulación e, Escala Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, subgrupo C1 de titulación, que contén cando menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe”.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente, á Intervención Xeral Municipal, ao Comité de Persoal e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Cuarto.- Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

5(515).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “REFORZO DA CAPA DE RODAXE DO FIRME DUN CAMIÑO MUNICIPAL ANEXO Á ESTRADA DO ZONDAL INICIO PP.KK. 4+800”. EXPTE. EXPTE. 5349/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Mediante resolución do 15.12.2017 do Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural foi aprobada a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao “Plan de mellora de camiños municipais 2018- 2019”. O citado Plan ten como obxecto a mellora das infraestruturas no medio rural de titularidade municipal. Entre a tipoloxía de actuacións previstas, atópase a de reforzo de firmes e mellora do drenaxe superficial.

No Anexo II figura o listado dos concellos beneficiarios e as correspondentes asignacións máximas. O Concello de Vigo figura cunha asignación total de 73.827,00 €, distribuídas en dúas anualidades, 36.913,50 € na anualidade do 2018 e 36.913,50 € en 2019.

Non serán elixibles os seguintes gastos:

1. As partidas a tanto alzado.
2. O imposto do valor engadido (IVE)
3. Os gastos de obras de alumeado, abastecemento e saneamento de augas fecais.
4. Os gasto de redacción do proxecto e estudos necesarios para a súa redacción.
5. Gastos por dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, seguimento arqueolóxico ou calquera outro servizo complementario necesario.
6. Gastos por taxas ou licenzas necesarias.
7. O cartel de obra.

As obras ás que o Concello de Vigo pretende aplicar a cantidade asignada son as de “Reforzo da capa de rodaxe dun firme dun camiño municipal anexo á estrada do Zondal, inicio PP.QQ. 4+800”.

Entre os gastos citados como non elixibles no PLAN, o Concello e Vigo terá que soportar os correspondentes ao imposto do valor engadido (IVE), ademais do cartel de obra, necesario para dar cumprimento á obriga de publicidade, nos termos previstos no punto quinto do anexo III da Resolución do 15 de decembro de 2017, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 15.02.2018, acordou entre outros, aprobar a participación do Concello de Vigo no “PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019” aprobado por resolución do 15 de decembro de 2017 polo Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e remitir o presente acordo a Axencia Galega de

Desenvolvemento Rural xunto coa solicitude do Concello de Vigo de participar no citado Plan.

III.- Polo departamento de Fomento, preséntase proxecto de “REFORZO DA CAPA DE RODAXE DO FIRME DUN CAMIÑO MUNICIPAL ANEXO A ESTRADA DO ZONDAL INICIO PP.KK. 4+800”, redactado polos Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castañón, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA E CINCO MIL SETENTA E TRES EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (155.073,85 EUROS), de xaneiro de 2018 e sinatura dixital de data 07.03.2018.

IV.- En data 03/05/2018, recíbese notificación de resolución de concesión de axuda a favor do Concello de Vigo, ao abeiro do Plan de Melloras de camiños municipais 2018-2019, financiado con fondos propios da Consellería de Medio Rural, por importe de 73.827,00 €, coa seguinte distribución por anualidades:

2018	2019
36.913,50 €	36.913,50 €

Na mesma resolución indícase que o prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2018 será o 17 de setembro de 2018. O feito de non xustificar correctamente esta anualidade devirá na perda parcial do dereito ao cobramento da axuda, polo importe non xustificado. O prazo final de xustificación será o 3 de xuño de 2019.

Así mesmo, na citada resolución establécese, que con carácter xeral, as obrigas dos beneficiarios son as establecidas no artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia e, en particular, as seguintes:

a) As obras incluídas neste Plan deberán ter unha garantía de mantemento de, cando menos, 5 anos a contar desde a data de pagamento final da axuda, sendo de conta do concello os custos necesarios para a súa conservación. O concello debe asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades causadas por mor da execución das obras, nos termos previstos na LCSP.

b) Publicitar a concesión da axuda mediante a colocación dun panel, con información acerca da operación, que deberá estar visible durante a execución das obras e durante o período de garantía previsto na LCSP. Agader facilitará a través da páxina web o modelo correspondente.

c) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, polo menos, durante o período de permanencia dos investimentos.

d) O expediente de contratación deberá estar dispoñible no concello para a súa comprobación e, de ser o caso, deberá remitirse copia a Agader no caso de que se así se lle requira.



Concello de Vigo

e) *Así mesmo, está suxeito ás actuacións de control que poida realizar Agader, na súa condición de entidade xestora das axudas, ás funcións de intervención e de control financeiro que corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007 e o Decreto 11/2009, e ás actuacións de comprobación que corresponden ao Tribunal de Contas e do Consello de Contas.*

f) *O concello debe asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades causadas por mor da execución das obras, nos termos previstos na LCSP.*

g) *No suposto de que un concello renuncie á subvención concedida, deberá comunicalo a Agader, utilizando o modelo normalizado que se xunta á Resolución do 15 de decembro de 2017 como anexo V.*

V.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 10.05.2018 informe indicando o seguinte:

“Xa que a contía do proxecto é inferior a 500.000 euros e a actuación non afecta a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra, segundo se fai constar na memoria do proxecto e polo tanto o presente informe ten carácter facultativo.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, toda vez que segundo as determinacións que fixa o art 233.2 desta lei, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria, Planos e Orzamento e polo tanto o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos legais esixidos de conformidade coa lexislación vixente e actualmente regulados no artigo 235 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

VI.- A actuación desenrólase nun tramo da estrada do Zondal, na Parroquia de Valadares e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir:

Previo o inicio das obras procederase a limpeza das cunetas e varrido do firme para proceder de seguir a:

– Escavación mecánica dos terreos así como a redefinición das cunetas existentes.

– Regularización do firme existente nunha lonxitude de 700 m e unha anchura media de 5,5 m, mediante capa de aglomerado en quente Ac 16 surf D (antes D-12), cun espesor aproximada de 1 cm, para a preparación de firme con reparación de fochancas.

– Incorporación de firme a base de aglomerado en quente tipo Ac16 surf D (antes D-12) de 5 cm, de espesor.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS meses.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contidos no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “REFORZO DA CAPA DE RODAXE DO FIRME DUN CAMIÑO MUNICIPAL ANEXO A ESTRADA DO ZONDAL INICIO PP.KK. 4+800”, redactado polos Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA E CINCO MIL SETENTA E TRES EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (155.073,85 EUROS), de xaneiro de 2018 e sinatura dixital de data 07.03.2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

6(516).-RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO INFORME E EN CONSECUENCIA NO ACORDO DA XGL DE DATA 10/05/18 RELATIVO Á “APROBACIÓN DE PROXECTOS E CUSTOS ASOCIADOS AOS MESMOS PARA A MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VENEZUELA”.EXPTE. 5323/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 15/05/18, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 10 de maio de 2018, acordou entre outros asuntos, aprobar os proxectos técnicos de Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (nos tramos Gran Vía - Vázquez Varela; Joaquín Loriga-Taboada Leal e Gran Vía- Joaquín Loriga) e os custos asociados aos mesmos co detalle que se recolle no apartado segundo do Acordo, que a continuación se transcribe:

“Segundo.-Aprobar os custos asociados aos proxectos, segundo o seguinte detalle:

Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Gran Vía – Vázquez Varela)

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	6.417,35 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	6.417,35 €
Coordinación de seguridade e saúde	CSM	1.604,34 €
	SUMA	14.439,04 €
	11% Gastos de Xestión	1.588,29 €
	TOTAL (IVE excluído)	16.027,33 €

Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Joaquín Loriga e a Rúa Taboada Leal)

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	12.347,66 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	12.347,66 €
Coordinación de seguridade e saúde	CSM	3.086,91 €
	SUMA	27.782,23 €
	11% Gastos de Xestión	3.056,05 €
	TOTAL (IVE excluído)	30.838,28 €

Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Avda. Gran Vía e Rúa Joaquín Loriga)

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	5.954,38 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	5.954,38 €
Coordinación de seguridade e saúde	CSM	1.488,59 €
	SUMA	13.397,35 €
	11% Gastos de Xestión	1.473,71 €
	TOTAL (IVE excluído)	14.871,06 €

II.- Con data 15 de maio de 2018, os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe rectificativo dos subscritos con data 1 de maio de 2018, en relación con os custes asociados dos proxectos obxecto do expediente de referencia, ao apreciar un error material nos mesmos. En concreto, segundo o informe de data 15 de maio de 2018 a coordinación da seguridade e saúde para o proxecto de Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela, no tramo Joaquín Lóriga-Taboada Leal e no tramo Avda. Gran Vía- Joaquín Lóriga corresponde a PROYEGAL e non como se indica incorrectamente a CSM.

Consecuencia do anterior, o apartado segundo do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de maio de 2018, recolle un error que debe ser corrixido, xa que a coordinación de seguridade e saúde para o proxecto de Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela, nos tramos Joaquín Lóriga- Taboada Leal e Avda. Gran Vía- Joaquín Lóriga corresponde a PROYEGAL e non como se indica incorrectamente a CSM.

Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- O artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que as administracións públicas poderán, asimismo, rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais , de feito ou ariméticos existentes nos seus actos.

II.- A aprobación dos proxectos e dos custes asociados a estes corresponde a Xunta de Goberno Local, de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre “Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE”.

Polo anteriormente exposto, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Rectificar o erro no Acordo da Xunta de Goberno de data 10 de maio de 2018 no referente a entidade encargada da coordinación de seguridade e saúde para o proxecto de Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela, nos tramos Joaquín Lóriga- Taboada Leal e Avda. Gran Vía- Joaquín Lóriga, polo que o mesmo debera figurar como segue:

“**Primeiro.**- Aprobar os proxectos técnicos que se indican a continuación:



Concello de Vigo

- Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Gran Vía – Vázquez Varela), cun presuposto de 381.832,25 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de CATRO (4) MESES, con cargo aos investimentos a que se refire a cláusula terceira do acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011 de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC, como compromisos de investimentos da mesma.
- Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Joaquín Lóriga e a Rúa Taboada Leal), cun presuposto de 734.685,69 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de CATRO (4) MESES, con cargo aos investimentos a que se refire a cláusula terceira do acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011 de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC, como compromisos de investimentos da mesma.
- Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Avda. Gran Vía e Rúa Joaquín Lóriga), cun presuposto de 354.285,44 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de TRES (3) MESES, con cargo aos investimentos a que se refire a cláusula terceira do acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011 de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC, como compromisos de investimentos da mesma.

Segundo.- Aprobar os custos asociados aos proxectos, segundo o seguinte detalle:

Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Gran Vía – Vázquez Varela)

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	6.417,35 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	6.417,35 €
Coordinación de seguridade e saúde	CSM	1.604,34 €
	SUMA	14.439,04 €
	11% Gastos de Xestión	1.588,29 €
	TOTAL (IVE excluído)	16.027,33 €

Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Joaquín Lóriga e a Rúa Taboada Leal)

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	12.347,66 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	12.347,66 €
Coordinación de seguridade e saúde	PROYEGAL	3.086,91 €
	SUMA	27.782,23 €

	11% Gastos de Xestión	3.056,05 €
	TOTAL (IVE excluído)	30.838,28 €

Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Avda. Gran Vía e Rúa Joaquín Lóriga)

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	5.954,38 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	5.954,38 €
Coordinación de seguridade e saúde	PROYEGAL	1.488,59 €
	SUMA	13.397,35 €
	11% Gastos de Xestión	1.473,71 €
	TOTAL (IVE excluído)	14.871,06 €

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo a “Aqualia FCC-Vigo UTE”, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e viente e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE,
David Regades Fernández.